

H) Etiquetaxe.

Todas as canais, pezas e porcións levan para a súa identificación e rastrexabilidade etiquetas que se aplican ao produto en cada fase de elaboración (sacrificio, despezamento e/ou fileteado). Estas etiquetas son de distintas cores segundo a tipoloxía do produto (de acordo co recollido na letra B) deste prego) e conteñen, ademais das mencións obrigatorias, as seguintes: identificación e logotipo de *Ternera Gallega*, logotipo europeo das IXP e datos de rastrexabilidade. Ademais das etiquetas, en cada media canal colócase un documento que achega información sobre a explotación de procedencia, identificación e tipoloxía do animal, idade ao sacrificio, clasificación e peso da canal, matadoiro e data de sacrificio.

A carne picada ou carne procesada elaborada a partir de carne de vacún amparada pola indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega* poderá ser comercializada en envases que utilicen a mención «elaborado a partir de *Ternera Gallega* IXP», sempre que a carne certificada constituía a única carne no produto final.

Os usuarios desta mención estarán autorizados polo Consello Regulador da IXP *Ternera Gallega* e sometidos ao control e inspección do órgano de control para verificar o uso correcto da indicación xeográfica protexida na etiqueta e as cantidades utilizadas. Nestes produtos está prohibido o uso do logotipo comunitario identificador das indicacións xeográficas protexidas.

I) Requisitos legislativos.

-Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

-Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

-Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas.

Orde do 24 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais do período 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario de 2010.

As industrias agrarias teñen un carácter estratéxico en Galicia por seren elementos fundamentais para o desenvolvemento do sector agrario e, por extensión, para a promoción das zonas rurais de Galicia. As instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias para dar acceso aos mercados ás producións das explotacións agrarias, fomentan ademais a creación e man-

tenemento de postos de traballo, e benefician o tecido económico das zonas rurais.

Por todo iso, considérase de grande interese establecer medidas de apoio ao seu desenvolvemento. Nese sentido a Consellería do Medio Rural dispón dun Programa de desenvolvemento rural (PDR) para o período 2007-2013, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), regulado polo Regulamento (CE) 1698/2005 e disposicións complementarias. No PDR 2007-2013 figuran, na medida 123, axudas ao aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais e, na medida 312, axudas aos investimentos de microempresas que contribúan ao desenvolvemento rural, entre as que figuran as serras de madeira.

Ademais, en relación ás axudas ao incremento do valor engadido dos produtos agrarios na medida 123, hai que indicar que, como consecuencia da avaliación da aplicación da PAC no marco do denominado recoñecemento médico, modificouse o Regulamento (CE) 1698/2005, mediante o Regulamento (CE) 74/2009, que introduce unha serie de novos retos entre os que figuran as medidas de acompañamento á reestruturación do sector lácteo, e que permiten apoiar especificamente os investimentos das industrias lácteas que se recollen nesta orde.

Por outra parte, estas bases inclúen, así mesmo, a posibilidade de conceder axudas con fondos propios a pequenas e medianas empresas forestais e a grandes empresas agroalimentarias, que non poden acceder ás axudas financiadas co Feader.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases das axudas da Consellería do Medio Rural para os investimentos en mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios e forestais para o período 2007-2013 e convocar as do ano 2010.

2. As axudas estarán financiadas tanto con fondos propios como con fondos do Feader, cofinanciado con fondos propios e/ou do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (Marm). A concesión destas axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

SECCIÓN PRIMEIRA

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS PARA O PERÍODO 2007-2013

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán acollerse a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, que teñan unha actividade económica, sexan titulares das instalacións obxecto de axuda,

e sobre as que recaia a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables.

2. Os beneficiarios das axudas clasificaranse segundo as seguintes categorías de empresa:

-Microempresa, pequena empresa ou mediana empresa (pemes), tal como se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión (DO L 124 do 20-5-2003).

-Empresas intermedias, sendo estas as empresas non pemes que teñan menos de 750 empregados ou un volume de negocios inferior a 200 millóns de euros.

-Grandes empresas, que son as empresas non pemes que superan o número de empregados e o volume de negocios exixido ás empresas intermedias.

3. As empresas beneficiarias deberán estar incluídas nalgún dos grupos sinalados a continuación, establecidos en función da actividade das empresas, da normativa comunitaria aplicable e do financiamento utilizado:

A. Empresas con investimentos en transformación e comercialización de produtos incluídos no anexo I do Tratado:

A.1) Microempresas, pequenas e medianas empresas e empresas intermedias nas que o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos estea incluído no anexo I do Tratado. Neste caso as axudas procederán de fondos incluídos no PDR de Galicia 2007-2013, cofinanciados polo Feader, e a normativa comunitaria de aplicación será exclusivamente a que regula o Feader.

A.2) Microempresas, pequenas e medianas empresas e empresas intermedias nas que o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado. Neste caso as axudas procederán de fondos incluídos no PDR de Galicia 2007-2013, cofinanciados polo Feader, e a normativa comunitaria de aplicación será a que regula o Feader e a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

A.3) Grandes empresas. Neste caso as axudas procederán de fondos propios da Consellería, e a normativa comunitaria de aplicación será a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

B. Empresas con investimentos relativos á serra-dura de madeira:

B.1) Microempresas: neste caso as axudas procederán de fondos incluídos no PDR de Galicia 2007-2013, cofinanciados polo Feader, e a normativa comunitaria de aplicación será exclusivamente a que regula o Feader e a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

B.2) Pequenas e medianas empresas: neste caso as axudas procederán de fondos propios da Consellería, e a normativa comunitaria de aplicación será a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

A Consellería do Medio Rural poderá facer convocatorias anuais de axudas independentes para cada un dos grupos de beneficiarios indicados neste punto.

Artigo 3º.-*Investimentos subvencionables.*

1. Consideráanse subvencionables, con carácter xeral, os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea excepto os produtos da pesca. Os produtos resultantes dos procesos de transformación e/ou comercialización poderán ser produtos agrarios (incluídos no anexo I do Tratado), ou non agrarios (non incluídos no anexo I do Tratado) e, conforme o sinalado no artigo 4º desta orde, a porcentaxe máxima de axuda que se poderá conceder variará en función desta característica.

2. Consideraranse tamén subvencionables os investimentos desenvolvidos en Galicia en activos fixos destinados á serra-dura de madeira.

3. Serán subvencionables os seguintes tipos de gastos:

a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles, excepto a compra de terreos. A adquisición de terreos será tamén subvencionable no caso de pemes e empresas intermedias en que a axuda estea cofinanciada polo Feader, e terá o límite do 10% do total dos gastos subvencionables.

b) Compra de maquinaria e equipamentos novos, incluídos os programas informáticos e os soportes lóxicos.

Os gastos vinculados aos puntos anteriores en honorarios de proxecto e dirección de obra, estudos de viabilidade e adquisición de patentes e licenzas relacionadas co proceso produtivo.

4. Non serán, porén, obxecto de axuda os investimentos relativos aos conceptos e actividades sinalados no anexo I desta orde.

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

1. As axudas teñen a natureza de subvencións de capital e poderán alcanzar as porcentaxes máximas de axuda do investimento subvencionable indicadas no punto seguinte, establecidas segundo a tipoloxía da empresa solicitante e as características dos produtos finais dos procesos de transformación e/ou comercialización derivados dos investimentos (produtos incluídos no anexo I do Tratado ou non incluídos).

2. As porcentaxes máximas de axuda serán as seguintes:

A. Empresas con investimentos en transformación e comercialización de produtos incluídos no anexo I do Tratado:

Tipo de produto final	Tipo de empresa solicitante			
	Microempresas e pequenas empresas	Empresas medianas	Empresas intermedias	Grandes empresas
Incluído no anexo I	50%	50%	25%	25%
Non incluído no anexo I	50%	40%	25%	25%

B. Empresas con investimentos relativos á serradura de madeira:

Tipo de empresa solicitante	
Microempresas e pequenas empresas	Empresas medianas
50%	40%

3. Independentemente do sinalado no punto anterior, no caso de empresas lácteas que adquiran leite a terceiros e non teñan elas directamente ou os seus subministradores contratos homologados con produtores que amparen a maioría (máis do 50%) da produción adquirida, a porcentaxe máxima de axuda non superará o 25% cando o beneficiario sexa unha peme, e o 10% cando sexa una empresa intermedia ou gran de empresa.

Artigo 5º.-*Requisitos adicionais.*

Para a concesión e/ou pagamento das axudas, os investimentos e solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos adicionais:

1. Os investimentos deben mellorar o rendemento global da empresa solicitante. Para eses efectos, deben ter algún dos obxectivos seguintes:

- Aumentar a competitividade da empresa.
- Reducir os custos.
- Aumentar o valor engadido.
- Reducir o impacto ambiental.
- Mellorar a rastrexabilidade e seguridade das producións.
- Diversificar as producións e/ou os mercados.
- Mellorar a calidade das producións.
- Implantar novos produtos, procesos ou tecnoloxías.
- Mellorar a comercialización das producións.

Para acreditar isto, na memoria que acompañe a solicitude de axuda xustificárase expresamente e de forma razoada en que medida os investimentos contribúen a alcanzar algún dos obxectivos sinalados.

2. Os investimentos deben cumprir a normativa comunitaria aplicable en materia de ambiente e, de ser o caso, sanidade e benestar animal.

Conforme iso:

-Non se concederán axudas a solicitantes que presenten proxectos relativos a instalacións xa existentes que non acrediten dispoñer de licenza de actividade e rexistro sanitario, ou que non cumpran, se é o caso, a normativa de benestar animal, ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.

-Non se pagarán axudas a beneficiarios que non acrediten tras a execución dos investimentos, dispoñer de licenza de actividade e rexistro sanitario actualizados ou vixentes, así como, se é o caso, cumprir a normativa de benestar animal ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal. Esta acreditación non será exixida no caso de que os investimentos previstos, dadas as súas características, non supoñan unha alteración das actividades da empresa que afecten a licenza ou rexistro sanitario vixente, ou alteren as condicións relativas ao benes-

tar animal ou á elaboración de produtos para alimentación animal.

-A resolución de concesión indicará, se é o caso, expresamente as acreditacións referidas que será necesario presentar para o pagamento da axuda.

Porén, no caso de microempresas, serán subvencionables os investimentos que se realicen para efectos do cumprimento de novas normativas comunitarias.

3. Cando o solicitante estea sometido á normativa de contratación pública conforme o disposto no artigo 2.1º d) da Lei 30/2007, de contratos do sector público, deberá acreditar o seu cumprimento na execución dos investimentos subvencionados con anterioridade ao pagamento da axuda.

4. Non se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02). Conforme iso, non se concederán en particular axudas a sociedades anónimas e limitadas que incorran en causa de disolución por ter un patrimonio contable inferior á metade do seu capital social, tal como establece a normativa que regula este tipo de sociedades. Tampouco se concederán axudas ás empresas sometidas a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.

En todo caso, para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas presentarán coa solicitude de axuda unha declaración de non atoparse en situación de crise conforme a normativa comunitaria, así como, no caso de sociedades, fotocopia dos balances e contas de explotación dos tres últimos anos.

5. No caso de proxectos en que os produtos finais dos procesos de transformación e/ou comercialización non estean incluídos no anexo I do Tratado, e de proxectos de grandes empresas, e de proxectos de serradura de madeira, o beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera apoio público de como mínimo un 25% dos custos subvencionables, mediante recursos propios ou mediante financiamento externo. Con ese fin, na solicitude de axuda e na de pagamento o beneficiario deberá incluír unha declaración expresa sobre a orixe dos fondos utilizados para financiar os investimentos.

6. Non se concederán axudas a investimentos iniciados con anterioridade á presentación dunha solicitude de axuda. Para estes efectos, considerarase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción ou o primeiro compromiso que obriga legalmente á realización dos investimentos.

7. Para a concesión das axudas teranse en conta as restricións de produción e as limitacións de apoio comunitario que existan de acordo coas organizacións comúns de mercado da Unión Europea. Non se concederán axudas que contraveñan prohibicións ou restricións establecidas nelas.

8. Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha execución mínima (investimento xustifico e pagado) na anualidade correspondente á convocato-

ria á que concorre a solicitude, e será establecida en cada convocatoria anual.

9. No caso de empresas intermedias nas cales o produto final non está incluído no anexo I do Tratado e grandes empresas, a axuda que se conceda deberá ter o efecto incentivador establecido no punto 3º do artigo 8 do Regulamento (CE) 800/2008. Para eses efectos, o solicitante da axuda deberá xustificar especificamente na súa solicitude que o proxecto no se poderá levar a cabo en Galicia sen a axuda pedida, ou ben que a axuda pedida permitirá alcanzar un o máis dos seguintes logros:

a) Un aumento substancial do tamaño do proxecto ou actividade.

b) Un aumento substancial do ámbito de aplicación do proxecto ou actividade.

c) Un aumento substancial do importe total investido polo beneficiario no proxecto ou actividade.

d) Un aumento substancial do ritmo de execución do proxecto ou actividade.

10. A actividade ou actividades obxecto de axuda, así como os conceptos subvencionados, deberanse manter durante un período non inferior a cinco anos contados a partir do momento en que os investimentos estean finalizados (executados e pagados na súa totalidade).

11. Non se concederán axudas a investimentos en construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, nin aos seus investimentos relacionados, se non se acredita coa solicitude e nos prazos establecidos a dispoñibilidade do terreo e da licenza de obras correspondente que lle permita iniciar as obras.

12. Non se concederán axudas a solicitantes condenados mediante sentenza firme ou sancionados mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.

Artigo 6º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de axuda presentaranse no modelo que figura como anexo A1, xunto coa documentación adicional que se sinala no punto seguinte, por duplicado. O lugar de presentación será prioritariamente nos servizos provinciais de Control de Calidade Agroalimentaria e Industrias dos departamentos territoriais correspondentes da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes incluirán a seguinte documentación (por duplicado):

-Solicitude: anexo A1 debidamente cuberto.

-Memoria: anexo A2 debidamente cuberto.

-Estudo técnico: seguindo o modelo do anexo A3.

-Estudo económico: seguindo o modelo do anexo A4.

-Declaración referente ao cumprimento de requisitos, procedencia de materias primas, calendario de execución e axudas solicitadas conforme o modelo do anexo A5.

-Relación de ofertas solicitadas e elixidas: anexo A6 debidamente cuberto.

-Documentación adicional:

a) Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.

b) Documentos acreditativos da personalidade ou entidade do solicitante (DNI ou CIF no caso de sociedades) e, se é o caso, da representación con que se actúa.

c) No caso de empresas xa existentes, balance e contas de resultados dos tres últimos anos se son sociedades, e no caso de persoas físicas declaración da renda dos últimos tres anos. Se a empresa ten ou forma parte dun grupo empresarial, debe presentarse tamén o balance e contas consolidadas do último ano do grupo.

d) No caso de investimentos que inclúan a construción de novas superficies cubertas: xustificación documental da dispoñibilidade do terreo e licenza de obras.

e) No caso de industrias xa existentes, rexistro sanitario e licenza de actividade do concello. No caso de matadoiros, mercados e outras actividades relacionadas co manexo de gando vivo, deberase acreditar que se cumpren as normas mínimas relativas ao benestar animal. No caso de industrias de alimentación animal deberase acreditar que se cumpre a normativa específica sobre elaboración dese tipo de produtos.

f) No caso doutras subvencións concedidas para o mesmo proxecto, fotocopia da comunicación de concesión coas súas características.

g) No caso de empresas intermedias en que o produto final non está incluído no anexo I do Tratado e grandes empresas, xustificación relativa ao efecto incentivador da axuda conforme o indicado no número 9 do artigo 5º.

3. Os modelos de anexos indicados no punto anterior poden ser solicitados á consellería para o seu envío por correo electrónico á conta axudas.ia@xunta.es. A presentación destes anexos non cubertos na súa totalidade ou de forma incompleta, considerárase como non presentación da documentación requirida, e deberá emendarse conforme o disposto no número 5 coa presentación dun novo anexo cuberto axeitadamente.

4. Cando o importe do investimento supere a contía de 30.000 € no caso de obra civil e instalacións, ou de 12.000 € no caso de subministracións de bens de equipamento ou prestación de servizos de empresas de consultoría, deberanse solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. Non se considerarán subvencionables os conceptos incluídos na solicitude de axuda dos que non se acredite o cumprimento deste requisito.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non

recaía na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerárase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

5. Se o solicitante non presenta a documentación requirida no prazo máximo establecido ou se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días. De non facelo así, terase por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, o de emenda establecido no punto anterior, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os que se solicita axuda.

Artigo 7º.-*Criterios de prioridade.*

Para a selección dos proxectos que se aproben, e para establecer a axuda que se conceda, utilizaranse os seguintes criterios de valoración:

A) Criterios positivos:

Epígrafe I: asignaranse 20 puntos aos proxectos que sexan dalgún dos seguintes tipos:

-Proxectos de cooperativas agrarias galegas ou de empresas participadas maioritariamente (máis do 50%) por estas.

-Proxectos desenvolvidos por produtores agrarios galegos ou entidades participadas por estes que, facturando menos de 150.000 €/ano, procesen ou comercialicen materias primas agrarias que procedan maioritariamente (máis do 50%) das súas explotacións.

-Proxectos de industrias que teñan contratos de compravenda homologados pola consellería con produtores agrarios galegos da maioría (máis do 50%) das materias primas que procesan.

-Proxectos con investimentos destinados exclusivamente á elaboración de produtos da agricultura ecolóxica, ou que sen ser de uso exclusivo os realicen industrias en que, polo menos, o 25% da súa facturación, ou o 10% no caso de matadoiros, corresponda a produtos da agricultura ecolóxica. En todo caso, as materias primas agrarias procesadas deben proceder maioritariamente (máis do 50%) de explotacións agrarias galegas.

-Proxectos de investimentos en industrias de elaboración de produtos derivados da pataca situadas en zonas de produción das que proceda a maioría (máis do 50%) da materia prima procesada.

-Proxectos de transformación de produtos agrarios situados en concellos de zonas de montaña tal como se definen no Regulamento (CE) 1257/1999, e nos que as materias primas agrarias procesadas procedan maioritariamente (máis do 50%) de explotacións agrarias galegas.

-Proxectos de serras de madeira que teñan certificación forestal (cadea de custodia).

Ademais, no caso de proxectos de empresas que, independentemente de utilizar materias primas agrarias propias, adquiren materias primas a terceiros para as que a consellería homologou contratos-tipo de compravenda, débese cumprir o requisito adicional de que máis do 50% dos produtos adquiridos deben estar amparados por este tipo de contratos.

Epígrafe II: asignaranse 14 puntos aos proxectos de procesamento de produtos procedentes maioritariamente (máis do 50%) de explotacións agrarias e forestais situadas en Galicia, que non estean incluídos na epígrafe I, e que sexan dalgún dos seguintes tipos:

-Proxectos incluídos nalgún dos tipos sinalados para a epígrafe I, pero que non cumpran o requisito adicional exixido relativo aos contratos-tipo homologados.

-Proxectos situados en concellos de zonas desfavorecidas tal como se definen no Regulamento (CE) 1257/99.

-Proxectos desenvolvidos por produtores agrarios galegos ou entidades participadas por estes, nos que as materias primas agrarias procesadas ou comercializadas procedan maioritariamente (máis do 50%) das súas explotacións, e non estean incluídos na epígrafe I.

-Proxectos de industrias que teñan contratos escritos con produtores agrarios ou forestais galegos da maioría (máis do 50%) das materias primas que procesan e non estean incluídos na epígrafe I. Os proxectos de industrias que non adquiren materias primas agrarias directamente a produtores serán tamén incluídos nesta epígrafe se acreditan expresamente que os seus subministradores teñen contratos escritos con produtores agrarios galegos da maioría (máis do 50%) das materias primas que procesan.

Epígrafe III: asignaranse 12 puntos aos proxectos de industrias que procesen produtos procedentes maioritariamente (máis do 50%) de explotacións agrarias ou forestais galegas non incluídos nas dúas epígrafes anteriores, así como proxectos relativos a industrias de alimentación animal.

Epígrafe IV: asignaranse 10 puntos ás solicitudes en función do grao de execución financeira dos proxectos subvencionados anteriormente ao abeiro desta orde, ou, no caso de non ter, da execución financeira prevista no proxecto.

Epígrafe V: asignaranse 1 punto aos proxectos de cooperativas agrarias galegas ou de empresas participadas maioritariamente (máis do 50%) por estas.

B) Criterios negativos.

Epígrafe VI: asignaranse 4 puntos negativos aos proxectos que sexan dalgún dos seguintes tipos:

-Proxectos relativos a refrixeración e/ou termización de leite de industrias non transformadoras.

-Proxectos de adegas de viño de mesa en zonas incluídas en denominación de orixe.

-Proxectos de novas adegas en zonas con denominación de orixe, agás se están incluídas na DO Monterrei.

-Proxectos de instalacións dedicadas maioritariamente ao despezamento e/ou comercialización de carne que non estean relacionadas accionarialmente con matadoiros ou outras industrias cárnicas.

Para os efectos de aplicación destes criterios consideraranse como cooperativas agrarias galegas as cooperativas agrarias formadas por produtores agrarios galegos, e consideraranse como produtores agrarios galegos os produtores con explotacións agrarias situadas en Galicia.

Estes criterios aplicaranse de forma independente para os grupos de beneficiarios indicados a continuación xa que as partidas orzamentarias que financian as axudas de cada grupo son independentes:

1. Grandes empresas (fondos propios).
2. Pequenas e medianas empresas forestais (fondos propios).
3. Microempresas forestais (cofinanciamento de Feader).
4. Resto de casos (cofinanciamento de Feader).

Artigo 8º.-Promoción do uso do galego.

Para promover a utilización do galego na redacción dos proxectos e/ou estudos de viabilidade, os importes máximos admisibles como subvencionables para estes conceptos (alínea C do anexo I) incrementaranse en 1.000 € en total neses casos. Para acollerse a isto, o solicitante deberá indicar expresamente na súa solicitude que o proxecto e/ou estudos de viabilidade estarán redactados en galego.

Artigo 9º.-Tramitación das solicitudes.

1. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais. A resolución dos expedientes corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural por proposta da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, logo da avaliación das solicitudes por un órgano colexiado, que estará presidido polo subdirector de Industrias e Calidade Agroalimentaria, e integrado por dous funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior á de xefe de sección.

2. As solicitudes serán resoltas nun prazo máximo de nove meses contados desde a data de publicación desta orde. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderase desestimada a súa petición por silencio administrativo.

3. A Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais poderá solicitar calquera aclaración ou documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.

4. Non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias (Ministerio de Economía e Facenda) e fronte á Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da comunidade autónoma (Consellería de Facenda).

Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda supón a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e

deberá nese caso, presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

5. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 10º.-Resolución de concesión.

1. A resolución de concesión indicará os investimentos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se deben cumprir para poder percibir a axuda concedida.

2. A resolución indicará especificamente a anualización aprobada para a execución dos investimentos. As anualidades establecidas indicarán o investimento que se debe executar e pagar en cada unha delas así como a data límite establecida para presentar a documentación acreditativa correspondente e cumprir outras condicións establecidas, de ser o caso. O número de anualidades así como o investimento que se execute en cada unha delas establecerase conforme a previsión de execución presentada coa solicitude de axuda e as limitacións existentes. O número máximo de anualidades en que poderá executarse o investimento aprobado será de dúas correlativas, salvo no caso de proxectos cun investimento aprobado superior a dous millóns de euros, nos cales poderá incluírse unha terceira anualidade para executar o 20% final do investimento e cumprir o resto das condicións establecidas. En todo caso, ningunha anualidade poderá ser posterior ao ano 2013.

3. A resolución indicará tamén a data máxima para xustificar o investimento correspondente a cada anualidade, incluída a súa facturación e pagamento efectivo, así como a presentación da documentación necesaria para tramitar o cobramento da subvención correspondente. Esta data será, cando menos, posterior en dez días á data prevista no calendario presentado, sen que en ningún caso se supere en cada anualidade a data do 1 de novembro.

4. A resolución poderá incluír a obriga de executar investimentos indicados na solicitude presentada que, aínda que non sexan considerados subvencionables, sexan necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto aprobado.

Artigo 11º.-Pagamento das axudas.

1. As solicitudes de pagamento presentaranse prioritariamente nos servizos provinciais de Control de Calidade Agroalimentaria e Industrias dos departamentos territoriais correspondentes da Consellería do Medio Rural, acompañadas da seguinte documentación:

a) Relación de xustificantes, seguindo o modelo incluído como anexo B.1, xunto cos xustificantes dos investimentos efectuados, que consistirán de forma xeral nas facturas orixinais sobre as que se realizará a toma de razón, e das que se entregará unha fotocopia. As facturas deberán estar acompañadas dos xustificantes do seu pagamento efectivo que deberá rea-

lizarse a través de entidades financeiras. O pagamento efectivo acreditarase presentando a copia do documento de pagamento (cheque, orde de transferencia, letra de cambio, etc.) xunto co orixinal do estrato ou de certificado bancario que xustifique inequivocamente o seu cargo na conta bancaria do beneficiario. Non se admitirá como xustificante do pagamento a simple certificación da empresa facturante de ter cobrado o seu importe, salvo de forma excepcional no caso de gastos inferiores a 1.000 euros.

b) Declaración do beneficiario relativa ao financiamento dos gastos efectuados segundo modelo B2. No caso de financiamento mediante créditos ou préstamos deberá presentarse ademais fotocopia da escritura de formalización deste.

c) Relación das diferenzas existentes entre os traballos previstos e os realizados, seguindo o modelo do anexo B3. Ademais, no caso de modificacións que afecten os conceptos e elementos subvencionados, deberá presentarse o anexo A6, no que se indicarán para cada elemento novo as ofertas solicitadas, a oferta elixida, o criterio de elección e a xustificación, se é o caso, da elección da oferta económica distinta da máis vantaxosa. A aceptación destas modificacións estará suxeita ao cumprimento deste requisito, así como ao establecido nos artigos 12º e 13º.

d) Análise das diferenzas cuantitativas entre os investimentos previstos e os efectuados, seguindo o modelo incluído como anexo B4.

e) Declaración do beneficiario sobre outras axudas concedidas e/ou solicitadas para os mesmos investimentos, achegando, se é o caso, copia da resolución de concesión.

f) Fotocopia do NIF e certificado bancario de existencia da conta bancaria onde se solicita que se ingrese a subvención, xunto coa ficha de domiciliación de pagamentos correspondente.

g) No caso de adquisición de terreos e edificacións, deberase presentar ademais un certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou un órgano ou organismo público debidamente autorizado, no que se acredite que o prezo de compra non excede o valor de mercado.

h) Calquera outra que se indique expresamente na resolución de concesión.

2. O beneficiario deberá xustificar o investimento conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser parciais ou totais.

Os pagamentos anteriores ao pagamento final terán o carácter de pagamentos parciais. Cando se tramite un pagamento parcial, se o importe dos pagamentos tramitados supera os 18.000 €, o beneficiario deberá presentar con anterioridade ao pagamento da axuda, unha garantía constituída por seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión. A garantía deberá cubrir o 110% do importe do pagamento fraccionado. As garantías serán liberadas

unha vez comprobada a realización da actividade para a que se concedeu a subvención.

3. As propostas de pagamento das axudas por parte do órgano xestor acomodaranse ás disponibilidades económicas existentes en cada momento, derivadas das transferencias de fondos do Feader e do MARM que se reciban.

4. Con carácter excepcional e por resolución motivada da consellería, poderá autorizarse un anticipo de ata o 20% da subvención naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos. Nese caso será necesario presentar unha garantía constituída mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades anticipadas, e será liberada unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención.

5. A consellería comprobará que a solicitude de pagamento cumpre os requisitos para aboar a subvención concedida. A comprobación incluírá como mínimo unha inspección *in situ* dos investimentos realizados para cada expediente de axuda.

6. En aplicación do establecido no artigo 31 do Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro de 2006, a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario será examinada para determinar o importe subvencionable, establecéndose o seguinte:

a) O importe que pode concederse ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento;

b) O importe que pode concederse ao beneficiario tras o estudo da admisibilidade da solicitude de pagamento.

Se o importe establecido en virtude da letra a) supera o importe establecido en virtude da letra b) en máis dun 3%, aplicarase unha redución ao importe establecido en virtude da letra b). O importe da redución será igual á diferenza entre os dous importes citados.

Este criterio aplicarase a todas as axudas concedidas independentemente da fonte de financiamento.

7. No suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 13º e 14º desta orde, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Artigo 12º.-*Modificación de proxectos.*

1. Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de beneficiario, obxectivos, prazos ou variación notoria do orzamento, así como de calquera condición específica indicada na resolución, requirirá a autorización da consellería logo de presentar a correspondente solicitude, coas condicións e limitacións sinaladas nos puntos seguintes.

2. Non se admitirán gastos nin aprobarán modificacións que supoñan cambio de localización dos investimentos aprobados.

3. Non se aprobarán ampliacións dos prazos de execución e xustificación establecidos para cada anualidade que superen a data do 1 de novembro dese ano. Porén, no caso de proxectos que, finalizado o prazo máximo permitido para a súa execución e xustificación, teñan executados e pagados os investimentos pero carezan dalgún documento exixido para acreditar o cumprimento de requisitos adicionais, poderá concedérselles, se así o permiten as dispoñibilidades orzamentarias, unha prórroga adicional de ata nove meses para presentar a referida documentación:

1.-Modificacións do importe dos investimentos subvencionables.

1.1.-Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 60% do investimento inicialmente aprobado

1.2.-Non se aprobarán modificacións do importe do investimento subvencionable establecido na resolución de concesión para cada anualidade, salvo nos seguintes casos:

-Cando se trate de proxectos cun investimento aprobado superior a dous millóns de euros, nos que poderá concederse unha prórroga se o permiten as dispoñibilidades orzamentarias para executar o 20% final do investimento e cumprir o resto das condicións nunha anualidade adicional, sen que esta supere o ano 2013.

-Cando se trate dunha redución do importe do investimento correspondente a anualidades de anos posteriores ao de concesión da axuda, sempre que se solicite antes do 1 de marzo dese ano e non supoña unha execución final do proxecto inferior ao 60% do inicialmente aprobado.

1.3.-Non se admitirán gastos nin aprobarán modificacións que supoñan incrementos do custo unitario dos conceptos e elementos subvencionados.

1.4.-Non se admitirán gastos nin aprobarán modificacións que supoñan incrementos do importe do investimento subvencionable correspondente aos conceptos de urbanización e obra civil.

2.-Modificacións das características dos conceptos subvencionados.

2.1.-Non se aprobará para cada expediente máis dunha modificación relativa á substitución dos conceptos ou elementos subvencionados.

2.2.-Non se admitirán gastos nin aprobarán modificacións que impliquen que non se executan como mínimo conceptos ou elementos subvencionados que representen en conxunto máis do 60% do investimento total subvencionable.

2.3.-Non se admitirán gastos nin aprobarán modificacións relativas á substitución de conceptos ou elementos subvencionados por outros novos se estes non cumpren os requisitos establecidos nesta orde, e en particular o establecido no número 3 do artigo 6º referente á solicitude previa de tres ofertas.

3. Modificación de beneficiario.

Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan cambio de beneficiario, salvo que o novo sexa resultante dun proceso de fusión, un cambio de deno-

minación da empresa ou transformación do tipo de sociedade. Tamén poderá admitirse un cambio de beneficiario cando o novo sexa unha entidade na que participa accionarialmente o beneficiario inicial, sempre que os investimentos sexan executados e pagados pola nova entidade na súa totalidade. Neste caso o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

4. Tramitación das modificacións.

4.1. As solicitudes de modificación de resolución deben incluír unha xustificación razoada das modificacións solicitadas. Ademais, no caso de que a modificación afecte aos conceptos e elementos subvencionados, deberá presentarse un cadro pormenorizado comparativo dos conceptos e elementos subvencionados e das modificacións solicitadas, así como o anexo A6, no que se indicará para cada elemento novo as ofertas solicitadas, a oferta elixida, o criterio de elección e a xustificación, se é o caso, da elección da oferta económica distinta da máis vantaxosa.

4.2. O prazo para solicitar modificacións rematará trinta días naturais antes da data límite de xustificación dos investimentos establecida na resolución de concesión. Non se admitirán nin aprobarán modificacións solicitadas con posterioridade a esa data.

5. Modificacións por causas excepcionais.

Independentemente do citado nos puntos anteriores deste artigo, a consellería poderá excepcionalmente aprobar modificacións da resolución de concesión que non se axusten ás condicións indicadas nos puntos anteriores, no caso de que a execución do proxecto se vexa afectada notoriamente por causas externas á empresa imprevisibles e inevitables de orixe natural, como terremotos, furacáns ou inundacións, así como por incendios. Incluírase dentro desta excepción o suposto de falecemento ou enfermidade grave do empresario cando este sexa o beneficiario a título individual.

Artigo 13º.-*Incumprimentos.*

1. Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos investimentos aprobados nos prazos establecidos, e cumprindo co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida.

2. Se o beneficiario xustifica conceptos e elementos subvencionables aprobados que representen máis do 80% do importe do investimento subvencionable, percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificable admisible sempre que cumpran o resto das condicións da concesión e se manteñan os obxectivos do proxecto aprobado. Neste caso considerarase incluído no investimento admisible a substitución de conceptos ou elementos subvencionados por outros diferentes (ata o límite do 20% do investimento subvencionable aprobado) se estes manteñen os obxectivos do proxecto e cumpren os requisitos establecidos nesta orde, e en particular o establecido no número 4 do artigo 6º referente á solicitude previa de tres ofertas.

3. En calquera outro caso, considerarase que existe un incumprimento, que poderá ser parcial ou total.

1.-Incumprimento total.

3.1.-Considerarase que existe un incumprimento total nos seguintes casos:

a) Cando o beneficiario non xustifique no prazo establecido o investimento correspondente á primeira anualidade, ou, se se xustifica, cando o investimento xustificable subvencionable é inferior ao mínimo de execución exixido para a anualidade.

b) Cando o investimento total subvencionable xustificable polo beneficiario sexa inferior ao 60% do investimento subvencionable aprobado.

c) Cando o investimento total xustificable polo beneficiario implique que non se executan como mínimo conceptos e elementos subvencionados que representen en conxunto máis do 60% do investimento total subvencionable.

d) Cando non se acredite nos prazos establecidos o cumprimento de calquera outra condición indicada na resolución de concesión, salvo nos casos considerados como incumprimentos parciais nos que se aplicará o establecido ao respecto.

2.-No caso de incumprimento total, o beneficiario non percibirá ningunha axuda.

3.2.-Incumprimento parcial.

Existirá incumprimento parcial cando o beneficiario execute e xustifique nos prazos establecidos conceptos e elementos subvencionables aprobados por importe superior ao 60% e inferior ao 80% do investimento subvencionable, cumpra o resto das condicións da concesión e se manteñan os obxectivos e condicións do proxecto aprobado. Neste caso o beneficiario percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificable admisible.

Artigo 14º.-*Reintegro das axudas, infraccións e sancións.*

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de mora devengados desde o seu pagamento nos supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de xustificación ou doutras obrigas derivadas da concesión da subvención. Neses casos, se o incumprimento supón a necesidade de deixar sen efecto con carácter definitivo a resolución de concesión de axuda, o órgano xestor iniciará o procedemento correspondente para a súa revogación.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, e na normativa comunitaria aplicable, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro de 2006. En particular, e en aplicación do establecido no artigo 31 do Regulamento (CE) 1975/2006, no caso de que se descubra que un beneficiario fixo deliberada-

mente unha declaración falsa, revogarase a axuda concedida, non pagando cantidade ningunha e debendo reintegrar o beneficiario as contías percibidas xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento. Ademais ao beneficiario non se lle poderán conceder nin pagar axudas ao abeiro desta orde nas dúas convocatorias seguintes.

Artigo 15º.-*Seguimento e control.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou, se é o caso, ao reintegro total ou parcial da subvención concedida.

2. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes, e en particular da Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), Consello de Contas, Tribunal de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

3. Conforme o disposto no artigo 75.1º.c) do Regulamento (CE) 1698/2005, o beneficiario da axuda deberá levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.

Artigo 16º.-*Compatibilidade.*

1. Estas axudas son compatibles con calquera outras para o mesmo fin sempre que a suma total das axudas concedidas, incluídas as *de minimis*, non supere, no caso de pemes, a porcentaxe de axuda do investimento subvencionable sinalado no número 2 do artigo 4º, e para o resto das empresas o 30% do investimento subvencionable.

2. As axudas concedidas cofinanciadas polo Feeder, son ademais incompatibles con calquera outra para a mesma fin se teñen financiación parcial ou total do Feeder ou doutros fondos da Unión Europea, así como con calquera outro instrumento financeiro comunitario.

Artigo 17º.-*Medidas informativas e publicitarias.*

Conforme o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006 o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feeder indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, conforme o modelo establecido, na que figurará unha descrición do proxecto así como a bandeira europea e o lema Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais.

Artigo 18º.-Réxime de recursos.

A resolución da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Artigo 19º.-Cumprimento da normativa comunitaria sobre axudas públicas.

1. As axudas establecidas nesta orde cofinanciadas polo Feader ampáranse no disposto no Regulamento(CE) 1698/2005, do 20 de setembro de 2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e disposicións que o desenvolven.

2. Así mesmo, as axudas establecidas nesta orde cofinanciadas polo Feader nas que o produto final non está incluído no anexo I do Tratado, as axudas a pequenas e medianas empresas forestais, e as axudas a grandes empresas están amparadas polo Decreto 432/2009, do 11 de decembro, da Xunta de Galicia, que regula as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

SECCIÓN SEGUNDA

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA 2010

Artigo 20º.-Convocatoria.

Convócanse para o exercicio orzamentario 2010 as axudas reguladas por esta orde. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas con carácter xeral nos artigos anteriores.

Artigo 21º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional de dous meses ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras.

Artigo 22º.-Execución.

Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha execución mínima (investimento xustificado e pagado) na anualidade 2010 do 30% do total subvencionable. Cando o importe do investimento subvencionable sexa superior a dous millóns de euros, a porcentaxe de execución indicada reducirase á metade.

Porén, este requisito non será exixible cando a data da resolución de concesión da axuda sexa posterior ao 15 de setembro de 2010.

Artigo 23º.-Financiamento.

As axudas concedidas financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

a) Fondos cofinanciados polo Feader:

a. Aplicación 13.04.741A.770.0 por un importe máximo de 11.907.845 € para a anualidade 2010, 10.839.000 € para a anualidade 2011 e 5.500.000 € para a anualidade 2012.

b. Aplicación 13.04.713D.770.0 e proxecto 2010-00982 por un importe máximo de 1.151.048 € para a anualidade 2010, 1.000.000 € para a anualidade 2011 e 500.000 € para a anualidade 2012.

b) Fondos propios:

a. Aplicación 13.04.713D.770.0 e proxecto 2001-09725 por un importe máximo de 145.232 € para a anualidade 2010, 1.250.000 € para a anualidade 2011 e 500.000 € para a anualidade 2012.

b. Aplicación 13.04.713D.770.0 e proxecto 2010-00968 por un importe máximo de 525.000 € para a anualidade 2010, 500.000 € para a anualidade 2011 e 400.000 € para a anualidade 2012.

Estes importes poderanse incrementar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición transitoria

Os expedientes de axudas plurianuais resoltos en virtude da Orde do 4 de maio de 2007 seguirán a súa tramitación conforme as bases reguladoras contidas nesa orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que aproba o seu regulamento.

Segunda.-As axudas reguladas por esta orde rexeranse polas normas comunitarias aplicables e, concretamente, por:

-Regulamento (CE) 1698/2005 do 20 de setembro de 2005 (DO L 277 do 21 de outubro) relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

-Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 (DO L 368 do 23 de decembro) que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005.

-Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro de 2006 (DO L 368 do 23 de decembro) polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 no referente á aplicación do procedemento de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

-Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008 (DO L 214 do 9 de agosto) polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado.

Terceira.-Derrógase a Orde do 4 de maio de 2007, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación normativa.*

Autorízase a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais para ditar as disposicións que considere oportunas para a aplicación desta orde.

Segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Investimentos non auxiliares

A. Actividades non subvencionables.

Non se considerarán subvencionables os investimentos referentes ás seguintes actividades:

1. Investimentos relativos a actividades de venda polo miúdo. Porén, serán subvencionables os locais e equipamentos que formen parte das instalacións industriais de elaboración de produtos destinadas á venda dos produtos da empresa, sempre que cumpran o resto das condicións establecidas na orde.

2. Investimentos en instalacións dedicadas á venda por xunto, aínda que inclúan pequenas transformacións de produtos xa elaborados, salvo no caso de instalacións de comercialización en orixe de produtos procedentes como mínimo nun 25% de explotacións agrarias galegas.

3. Investimentos realizados por un produtor primario relativos á primeira venda de produtos a intermediarios ou transformadores. Tampouco serán subvencionables os investimentos relativos á saca de madeira.

4. No sector do leite de vaca e dos seus produtos derivados, os investimentos en novas instalacións dedicadas a recollida e refrixeración de leite, ou á elaboración e envasado de leite UHT e esterilizado, salvo que supoñan o peche doutras instalacións existentes e con actividade en 1-1-2007 en Galicia dedicadas a esas actividades. Tampouco se concederán axudas para elaboración ou comercialización dos produtos que imiten ou substitúan o leite ou os produtos lácteos, e que son mencionados no artigo 3, número 2, do Regulamento (CEE) 1898/87 do Consello.

5. No sector da alimentación animal os investimentos en instalacións dedicadas a elaboración de produtos para animais de compañía e cría de peixes, así como en novas fábricas de pensos, salvo que se dediquen á elaboración de produtos ecolóxicos, ou que supoñan o peche doutras instalacións existentes e con actividade en 1-1-2007 en Galicia dedicadas a esa actividade.

Independentemente do citado, no caso de fábricas ou liñas de elaboración de mesturas húmidas para alimentación de ruminantes, soamente serán subvencionables os investimentos desenvolvidos por cooperativas de produtores para os seus socios. Neste caso, porén, a subvención máxima que conceda non superará o 40% do investimento subvencionable no caso de cooperativas que teñan unha sección específica para esta actividade e o 25 % no resto dos casos.

6. No sector cárnico os investimentos en novos matadoiros de gando porcino, bovino e polos, salvo que deriven do traslado doutro matadoiro existente en 1-1-2007 en Galicia, que se dediquen á produción ecolóxica, ou que formen parte dun proxecto de elaboración de produtos cárnicos ou que promovan o desenvolvemento gandeiro dunha zona con deficiente servizo de sacrificio.

7. Investimentos de industrias existentes dedicadas á transformación e comercialización de produtos incluídos no anexo I do Tratado, que non estean inscritas no Rexistro de Industrias Agrarias, sendo este preceptivo.

8. Investimentos sen viabilidade técnica, económica, financeira ou relativos a produtos para os que non existan demanda e saídas normais no mercado.

9. Investimentos destinados a transformación de produtos da pesca, ou non incluídos no anexo I do Tratado (salvo a madeira). Porén, serán subvencionables os investimentos que, tendo como obxecto principal a transformación de produtos agrarios, procesen adicionalmente eses produtos formando parte da actividade principal das instalacións. En todo caso, as materias primas procesadas deben ser agrarias en máis do 50% do total procesado polas instalacións proxectadas.

10. Non se subvencionarán investimentos que incrementen a produción, superando restricións de produción ou limitacións respecto da axuda comunitaria a instalacións de transformación, impostas por unha organización común de mercado, réximes de axuda directa inclusive, financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

B. Conceptos non subvencionables.

Non se considerarán subvencionables:

1. Investimentos de simple reparación do inmovilizado da industria, así como de reposición ou mera substitución de equipamentos e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria distintos dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou polo seu rendemento. Non serán subvencionables os investimentos que substitúan outros subvencionados con anterioridade e aínda non pasasen 5 anos desde a súa adquisición, aínda que estes supoñan unha mellora.

En todo caso, para determinar o importe admitido como subvencionable, restaráselle ao importe de adquisición do novo equipamento o importe de venda do equipamento substituído, de ser o caso.

2. Investimentos en maquinaria e equipamentos de tecnoloxía non contrastada, que non cumpra os requisitos legais, ou non subministrados por fabricantes ou distribuidores autorizados.

3. Investimentos relativos á posta en marcha de proxectos subvencionados anteriormente ao abeiro desta orde de axudas.

4. Investimentos non relacionados directamente coas actividades (subvencionables) desenvolvidas polo solicitante.

5. Investimentos non axustados, no seu dimensionamento e capacidade ás actividades que desenvolva a empresa a curto prazo, ou dun importe unitario superior ao básico do mercado para unidades ou elementos de igual capacidade. Nese caso admitirase como subvencionable o custo básico de mercado do investimento coa capacidade ou dimensionamento axustado, se é o caso.

6. Os investimentos relativos a almacéns frigoríficos para produtos conxelados ou ultraconxelados, excepto se as súas capacidades de almacenamento son proporcionais á capacidade de produción das instalacións de transformación ás que estean vinculadas e que se destinen exclusivamente ao almacenamento dos produtos das ditas instalacións.

7. A compra de terreos por un importe superior ao 10% do total dos gastos subvencionables ou no caso de que a axuda non teña cofinanciación do Feader.

8. A compra de locais ou edificios que vaian ser derrubados, ou se recibiron nos dez últimos anos algunha subvención nacional ou comunitaria. Tampouco serán subvencionables os investimentos en reforma de locais que foron subvencionados anteriormente por esta consellería e aínda non pasaron 5 anos desde a súa finalización.

9. Obras de ornamentación e equipamentos de recreo (xardinaría, bar e semellantes).

10. Investimentos relacionados con medidas de seguridade tales como alarmas, sistemas antirrobo, barreiras de seguridade e similares.

11. Investimentos relativos á promoción e publicidade, como elaboración de vídeos, páxinas web, rotulación, etc.

12. Mobiliario de oficina. Non teñen esa consideración as instalacións telefónicas fixas, fax e ordenadores incluídos os programas informáticos. Admítense a adquisición de equipamentos de laboratorio se son específicos, pero non o material funxible.

13. Compra de material normalmente amortizable nun ano (botellas, embalaxes, material funxible de laboratorio e semellantes). Considérase que as tarimas, caixóns-tarima e caixas de campo teñen unha duración de vida superior a un ano e, polo tanto, son auxiliabes, coa condición de que se trate dunha primeira adquisición ou dunha adquisición suplementaria, proporcional a unha ampliación prevista, e de que non sexan vendidas coa mercadoría. Tampouco serán auxiliabes os investimentos que figuran na contabilidade como gastos.

14. Compra e instalacións de maquinaria e equipamentos de segunda man. Tampouco serán subvencionables os gastos relativos ao traslado de maquinaria xa existente ata o local ou lugar en que se vai realizar o proxecto.

15. Reparacións e obras de mantemento. Non teñen a consideración de reparacións as operacións feitas sobre maquinaria instalada para ampliar a súa capacidade ou mellorar as prestacións.

16. O imposto do valor engadido (IVE) e calquera outro imposto recuperable polo beneficiario.

17. Os gastos de aluguer de equipamentos e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro (*leasing*). Porén, os investimentos en maquinaria e equipamentos financiados mediante *leasing* poden ser auxiliabes se existe un compromiso de adquisición do ben ao finalizar o contrato de *leasing* e, en todo caso, dentro do prazo previsto para a execución do proxecto. Outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, tales como impostos, marxe do arrendador, custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, non serán subvencionables.

Así mesmo, non serán subvencionables as adquisicións de bens no marco dun sistema de venda e arrendamento retroactivo.

18. A man de obra propia nin os materiais de igual procedencia. Porén, serán subvencionables os soldos e gastos sociais do persoal, pagados polo beneficiario, sempre e cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que o persoal fose contratado especial e exclusivamente para executar o proxecto.

b) Que o persoal sexa despedido ao concluíren as obras.

c) Que se respecte a normativa nacional en materia de Seguridade Social.

19. A compra de vehículos de transporte exterior. No entanto, cando o solicitante sexa unha empresa con instalacións de transformación ou manipulación de produtos agrarios ou unha entidade asociativa de produtores dedicada á comercialización de produtos agrarios, a compra de vehículos de transporte de produtos será subvencionable se a axuda ten cofinanciamento do Feader e se trata de novas adquisicións e non substitución de vehículos utilizados anteriormente.

20. Traballos ou investimentos comezados con anterioridade á presentación dunha petición de axuda ao abeiro desta orde ou, nas condicións establecidas e cando se trate de axudas do Feader, á presentación dunha solicitude ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2007 e á confirmación por escrito desta consellería ao solicitante de que os investimentos incluídos cumprían inicialmente as condicións de subvencionabilidade. Para os efectos do non inicio, a petición de axuda presentada só terá validez para a convocatoria a que concorra a solicitude, que será necesariamente á primeira tras a súa presentación.

21. Investimentos en urbanización exterior aos edificios de fabricación, salvo que formen parte dun proxecto que inclúa aumento da superficie edificada. Nese caso serán subvencionables en función da nova superficie construída e conforme os módulos establecidos. Tampouco serán subvencionables os investimentos realizados fóra do recinto da industria.

22. O importe dos investimentos e conceptos que superen os módulos máximos e limitacións establecidos no punto seguinte.

C. Conceptos con módulos e outras limitacións.

I. Urbanización.

Soamente se admitirán investimentos en peche da parcela, explanacións e pavimentacións, coas seguintes limitacións, en todo caso:

-En peches o perímetro máximo subvencionable será o equivalente (igual valor) ao dobre da superficie cuberta nova subvencionable, cun custo máximo admisible de 30 €/ml, incluídos os elementos singulares.

-En explanacións e pavimentacións a superficie máxima atendible será igual á superficie construída nova subvencionable, cun custo máximo admisible de 25 €/m², incluídos todos os elementos e conceptos.

II. Edificacións de nova construción e ampliación das existentes.

Aplicaranse módulos máximos de investimento subvencionable (€/m² construído e atendible) aplicable ao custo total de execución do investimento en obra civil, excluídas instalacións, e incluídas as divisións interiores con todos os seus elementos, independentemente do material utilizado. Incluirá tamén os locais climatizados (ata 0°C), pero non as instalacións e equipamentos de frío ou calor.

O importe dos módulos será:

1. Módulo A: 380 euros/m² construído, aplicable ás novas industrias con altos requirimentos sanitarios e de climatización de locais (industrias cárnicas, lácteas, do pan e derivados e instalacións de subprodutos). Aplicarase tamén as industrias xa existentes que fagan edificacións para ampliación de zonas de fabricación e novas liñas con altos requirimentos sanitarios e de climatización (zonas de envasado de produtos, etc.)

2. Módulo B: 340 euros/m² construído, aplicable ás novas industrias con requirimentos medios (resto das agroindustrias) así como industrias xa existentes que fagan edificacións de ampliación de actividade con requirimentos sanitarios e de climatización medios.

3. Módulo C: 290 euros/m² construído, aplicable a industrias xa existentes que fagan edificacións sinxelas destinadas a almacenamento de materias primas, produtos finais, vehículos, etc, sen especiais requirimentos sanitarios nin de climatización.

Estes módulos poderán incrementarse ata 60 €/m² no caso de edificacións que requiran, polos equipamentos utilizados, unha altura de beiril superior a 6 metros ou, no caso de varias plantas, unha altura libre entre plantas superior a 6 metros. Este incremento será tamén aplicable no caso de edificacións situadas en áreas de protección especial, onde sexa exixible o emprego de elementos construtivos que harmonicen e se integren co contorno.

O importe destes módulos aplicarase tamén como investimento máximo a subvencionar para a adquisición de edificacións incluído o seu acondicionamento ou reforma.

III. Acondicionamentos en edificacións existentes.

Aplicarase un módulo máximo de investimento subvencionable de 280 €/m² útil aplicable ao custo total de execución do investimento en obra civil.

IV. Outras limitacións aplicables a zonas e equipamentos específicos.

1. No caso de oficinas, aseos, vestiarios, comedores e outros locais e equipamentos para o persoal subvencionables, a superficie admisible avaliarase conforme o número de traballadores da empresa que os vaian utilizar.

2. No caso de áreas dedicadas a salas de conferencias, catas, e outras relacionadas coa promoción e mellora da produción e comercialización das producións, a superficie máxima subvencionable será de 100 m² sen que en ningún caso supere o 15% da superficie restante subvencionable da industria incluída na solicitude de axuda.

3. No caso de superficies dedicadas especificamente dentro dunha industria, a exposición e venda polo miúdo dos produtos da empresa, a superficie máxima subvencionable será de 50 m², sen que en ningún caso supere o 15% da superficie restante subvencionable da industria incluída na solicitude de axuda.

4. En todo caso, os investimentos en industrias xa existentes relativos a todos estes conceptos admitiranse na medida en que se acredite que contribúen a mellorar o rendemento global da empresa.

V. Outros gastos.

Os gastos en estudos de viabilidade técnica e económica serán admisibles sempre que o estudo se presente coa solicitude e estea asinado por profesional competente, sendo en todo caso o importe máximo admisible de 1.700 €. Non serán, porén admisibles se se subvencionan os honorarios de proxecto e dirección de obra nun importe superior á contía sinalada.

Para os honorarios de proxecto e dirección de obra admitiranse como máximo subvencionable a suma de:

-10% do orzamento en obra civil.

-5% do orzamento en instalacións básicas e especiais.

-1% da maquinaria e equipamentos. Non se considerarán incluídos neste punto o carrozado de vehículos, o material e equipamento de laboratorios, e os equipos e material informático, incluído o *software*.

Antes do cálculo, aplicarase a cada grupo de partidas (partidas ao 10%, 5% e 1%), os coeficientes correctores seguintes:

Investimento subv. considerado	Coficiente	Correspondencia
Ata 150.000 euros	1	150.000
Exceso de 150.000-300.000 €	0,8	120.000
Exceso de 300.000-600.000 €	0,4	120.000
Exceso de 600.000-3.000.000 de €	0,2	480.000
Exceso de 3.000.000 de €	0,1	

Non se terán en conta para efectos do cálculo os orzamentos en activos considerados non subvencionables. O resultado arredondarase por defecto nas centenas. En todo caso, o proxecto e dirección de obra deben estar realizados por técnico competente.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO A1

FEADER



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR340A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME		CIF / NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
[]	[]	[]

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención para o proxecto de investimento que ten por obxecto:

que se levará a cabo na provincia de: [] concello de: [] e consistente nos conceptos que se relacionan na documentación que se xunta.

E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- a) Que todos os datos facilitados, que acompañan esta solicitude, son certos e comprométese a presentar os xustificantes necesarios para a súa comprobación e aceptar as verificacións que procedan de acordo coas axudas solicitadas.
- b) Que dá expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.
- c) Que autoriza á Consellería do Medio Rural de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

LEXISLACIÓN APLICABLE
<i>Orde do 24 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais do período 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario de 2010.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
, de de

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		[]
		DATA DE ENTRADA
		[] / [] / []
		DATA DE EFECTOS
		[] / [] / []
		DATA DE SAÍDA
		[] / [] / []
REVISADO E CONFORME		

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO A2

MEMORIA

1.- Datos da empresa

Empresa: CIF/NIF
 Enderezo (rúa, número, concello, provincia, código postal):

 Teléfono: Fax: Correo electrónico:
 Actividade principal:
 Tipo de industria: Nova Existente
 Nº Rexistro Industrias Agrarias:
 Nº Rexistro Sanitario:
 Licenza de actividade: data
 A empresa participa ou está participada nun 25% ou máis por outra empresa?: Si Non
 Tipo de empresa: indicar os seguintes datos da empresa, ou do grupo de empresas se participa ou está participada nun 25% ou máis por outras empresas, utilizando os criterios establecidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión relativa á definición das pemes:

Nº traballadores	Facturación (€)	Balance (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 Conforme iso, indicar o tipo de empresa:* Microempresa Pequena Mediana Intermedia Grande empresa

* *Microempresa: menos de 10 traballadores e facturación ou balance de ata 2 mill. €/ano*
Empresa pequena: menos de 50 traballadores e facturación ou balance de ata 10 mill. €/ano
Empresa mediana: menos de 250 traballadores e facturación de ata 50 mill. ou balance de ata 43 mill. €/ano
Empresa intermedia: empresa non peme con menos de 750 traballadores ou facturación menor a 200 mill. €
Grande empresa: empresa non peme que supera límites exixidos ás empresas intermedias

2.- Subvencións concedidas con anterioridade (desde 2001) á industria para investimentos en transformación e comercialización pola Consellería do Medio Rural

2.1.- Indicar código de expedientes:

 2.2.- Tivo expedientes de axuda anteriores ao abeiro desta orde, que tivesen incumprimento parcial ou total ou nos que renunciase?
 SI NON
 Indicar código de expedientes:
 2.3.- Os investimentos da actual solicitude alteran (substitúen, modifican, eliminan) investimentos subvencionados anteriormente?
 SI NON
 Que conceptos afecta?

3.- Proxecto que se vai desenvolver

3.1.- Obxecto:
 3.2.- Localización (lugar, concello):
 3.3.- Orzamento (sen IVE):

4.- Indicar os obxectivos dos investimentos e xustificar razoadamente en que medida mellorarán o rendemento global da empresa, conforme o establecido no punto 1 do artigo 5º da orde.

--

5.- Relación de materias primas utilizadas e produtos elaborados

	DENOMINACIÓN	Tipo de uds/ano	CANTIDADES ANTES DO INVESTIMENTO	CANTIDADES DESPOIS DO INVESTIMENTO
ENTRADA DE MATERIAS PRIMAS				
SAÍDA DE PRODUCTOS				

6.- Procedencia das materias primas agrarias procesadas actualmente (%), ou prevista a curto prazo (novas industrias)

GALICIA: <input style="width: 100px;" type="text"/>	FÓRA DE GALICIA: <input style="width: 100px;" type="text"/>
---	---

7.- Procedencia das materias primas agrarias de orixe galega utilizadas

- a) Materias primas agrarias de orixe galega de produción propia (incluídas as dos socios no caso de cooperativas ou doutras sociedades):	
- Cantidade total producida:	<input style="width: 150px;" type="text"/>
- b) Materias primas agrarias de orixe galega adquiridas a outros produtores:	
- Mediante contratos-tipo homologados:	
- Número total de contratos-tipo homologados	<input style="width: 150px;" type="text"/>
- Cantidade total contratada:	<input style="width: 150px;" type="text"/>
- Mediante outros contratos escritos:	
- Número de contratos:	<input style="width: 150px;" type="text"/>
- Cantidade total contratada:	<input style="width: 150px;" type="text"/>
- Sen contratos escritos:	
- Cantidade total comprada:	<input style="width: 150px;" type="text"/>

8.- Emprego ligado ao investimento

- Nº de empregados fixos ou equivalentes a fixos:

Antes do investimento:

Despois do investimento:

* 1 posto de traballo equivalente a fixo = 230 xornadas/ano de 8 horas/día

9.- Datos económicos

CONCEPTO	ANO -1	ANO 0	ANO +1 (prev.)	Variación (ano +1)-(ano-1)
1.- Ventas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2.- Compras, gastos externos e variación de existencias	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
VALOR ENGADIDO (1-2)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Traballadores fixos ou equivalentes (número)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
V. ENGADIDO/TRABALLADOR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.- Gastos de persoal e outros gastos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RESULTADO BRUTO (1-2-3)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.- Amortizacións	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RESULTADO NETO (1-2-3-4)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.- Gastos e ingresos extraordinarios	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RESULTADO IMPOÑIBLE (1-2-3-4-5)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

10.- Previsión de financiamento

	EUROS	PORCENTAXE
- Capital social	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Fondos da actividade da empresa	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Préstamos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Subvencións	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Outros (indicar): <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

11.- Calendario de execución de investimentos

- Indicarase para cada ano a previsión de execución (% do investimento total), considerando como tal os investimentos pagados e xustificadas como máximo en 1 de novembro de cada ano.

Data prevista finalización:

	ANO <input type="text"/>	ANO <input type="text"/>	ANO <input type="text"/>	**
PORCENTAXE	<input type="text"/> *	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

* Non debe ser inferior á porcentaxe mínima indicada na convocatoria.

** Só para proxectos con investimentos superiores a 2 millóns de euros.

12.- Relación pormenorizada dos investimentos

CONCEPTOS	RELACIÓN DE ELEMENTOS	IMPORTE (sen IVE)
1.1.- Terreos e urbanización	Adquisición de terreos: <input type="text"/> m ²	<input type="text"/>
	Peche: <input type="text"/> ml	<input type="text"/>
	Pavimentación: <input type="text"/> m ²	<input type="text"/>
	SUBTOTAL	<input type="text"/>
1.2.- Construcións	Nova superficie cuberta: <input type="text"/> m ²	<input type="text"/>
	Reformas	<input type="text"/>
	Outros	<input type="text"/>
	SUBTOTAL	<input type="text"/>
1.3.- Instalacións	Auga	<input type="text"/>
	Electricidade	<input type="text"/>
	Vapor	<input type="text"/>
	Frío/calor	<input type="text"/>
	Cámaras de conxelación	<input type="text"/>
	Depuración	<input type="text"/>
	Outras	<input type="text"/>
	SUBTOTAL	<input type="text"/>
1.4.- Maquinaria e equipamentos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	SUBTOTAL	<input type="text"/>
1.5.- Estudos, proxecto, dirección de obra, adquisicións patentes e licenzas	Estudos	<input type="text"/>
	Proxecto	<input type="text"/>
	Dirección de obra	<input type="text"/>
	Patentes/licenzas	<input type="text"/>
	SUBTOTAL	<input type="text"/>

13.- Outros datos

13.1.- ¿Os investimentos están relacionados coa introdución de novos produtos ou tecnoloxías?

SI NON

13.2.- ¿Os investimentos están destinados á elaboración de produtos ecolóxicos?

SI NON

13.3.- ¿Os investimentos causarán modificación da actual:

- Licenza de actividade? SI NON

- Rexistro sanitario? SI NON

- Condicións de benestar animal (se é o caso)? SI NON

- Condicións de fabricación de produtos para alimentación animal (se é o caso)? SI NON

13.4.- ¿O proxecto e/ou estudos de viabilidade estarán redactados en galego?

SI NON

D/Dª

con NIF

en calidade de

da empresa, declara que son certos os datos

senalados e comprométese a xuntar todos os xustificantes necesarios para a súa comprobación.

, de de

(Sinatura)

ANEXO A3 Estudo técnico

Constará como mínimo de:

1. Proxecto, anteprojecto ou memoria técnica:

Incluirá unha memoria explicativa dos obxectivos do proxecto, cunha xustificación razoada dos investimentos que é necesario acometer para conseguir eses fins.

A iso xuntarase unha relación desagregada e cuantificada dos investimentos en:

1.1. Urbanización: indicando dimensións, características, medicións, materiais e custos desagregados por unidades obra.

1.2. Construcións: indicando dimensións e características (distribución de superficies e destino destas, xustificación do dimensionamento), medicións, materiais e custos desagregados por unidades obra.

1.3. Instalacións: indicando dimensións e características, medicións, materiais e custos desagregados por unidades obra, para cada tipo de instalación (auga, electricidade, vapor, depuración e tratamento de residuos, frío, etc.).

1.4. Maquinaria e equipamentos: indicando para cada liña de produción as características técnicas de cada elemento, así como o seu custo.

1.5. Estudos, proxecto, dirección de obra e adquisición de patentes e licenzas: características e custos.

Incluirá, así mesmo, un resumo do orzamento previsto por conceptos.

Nos capítulos de edificios e construcións, instalacións e maquinaria indicárase a súa localización mediante os planos que se consideren necesarios. O

dimensionamento e uso dos locais e superficies construídas deben xustificarse.

2. Planos.

Polo menos os seguintes:

-Plano de situación e localización.

-Plano no que se especifiquen, se é o caso, as actuacións previstas en urbanización, delimitando con precisión as superficies de actuación.

-Plano xeral do conxunto de obras e instalacións básicas, antes e despois do investimento.

-Plano de distribución da maquinaria e outras instalacións, antes e despois do investimento.

-Planos cotados de seccións e alzados antes e despois do investimento.

3. Xustificación dos investimentos. Para o investimento obxecto da axuda, xustificárase o custo previsto da seguinte forma:

-Urbanización, construcións e instalacións: factura pro forma ou orzamento de empresa construtora ou instaladora e desagregado por unidades de obra.

-Maquinaria, equipamentos e outros conceptos: ofertas ou facturas pro forma dos subministradores.

Cando o importe do investimento supere a contía de 30.000 € no caso de obra civil e instalacións, ou de 12.000 € no caso de subministracións de bens de equipamento ou prestación de servizos de empresas de consultoría, deberán solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou

presten. Non se considerarán subvencionables os conceptos incluídos na solicitude de axuda dos que non se acredite o cumprimento deste requisito.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso o solicitante presentará unha única factura pro forma ou oferta para cada concepto dos investimentos, xunto cun cadro resumo asinado e que figura como anexo A6, no que se indicarán para cada elemento as ofertas solicitadas, a oferta elixida, o criterio de elección e a xustificación, se é o caso, da elección da oferta económica distinta da máis vantaxosa.

ANEXO A4 **Estudo económico**

Constará como mínimo de:

1. Situación actual.

*Descrición resumida de actividades desenvolvidas.

*Indicar o tipo de empresa (micro/pequena/mediana/empresa intermedia/grande empresa) tal como se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión (DO L 124, do 20-5-2003) e no artigo 2º desta orde. Conforme iso, para a súa determinación terase en conta a súa facturación, balance (no caso de sociedades) e número de empregados, calculados, sen prexuízo do sinalado na Recomendación 2003/361/CE, da seguinte forma:

-Se a empresa non participa nin está participada en máis dun 25% por outras empresas, os datos serán os da propia empresa.

-Se a empresa participa e/ou está participada en máis dun 25% por outras empresas, os datos serán os das contas consolidadas do grupo empresarial ás que se sumarán, se é o caso:

-Os datos das empresas en que participa e/ou está participada en máis dun 50% e non incluídas nas contas consolidadas.

-A parte proporcional (á participación) dos datos das empresas en que participa e/ou están participadas nun 25-50% e non incluídas nas contas consolidadas.

Se a empresa é de nova constitución, os datos a considerar serán os previsionais.

En todo caso, se a empresa participa e/ou está participada en máis dun 25% por outras empresas, deben indicarse expresamente as empresas en que participa e/ou está participada, así como as porcentaxes de participación e os datos de facturación, balance e número de empregados desas empresas.

*Producción: descrición do proceso. Capacidade de produción (referirse á capacidade inscrita no Rexistro de Industrias Agrarias, de ser o caso). Ins-

talacións e tecnoloxía dispoñible. Produtos vendidos: tipos, cantidades e prezos de venda.

*Comercialización: indicar para cada tipo de produto os seus destinos e os principais canais de comercialización.

*Materias primas utilizadas. Para cada tipo de materia prima utilizada indicárase a súa procedencia (galega, resto da UE, fóra da UE), a relación cos produtores (se son de Galicia), e os prezos medios pagados.

No caso de materia prima propia ou dos socios da empresa ou cooperativa, indicar cantidades e porcentaxe sobre o total de materias primas utilizadas.

No caso de ter contratos escritos con produtores agrarios deberase incluír unha relación totalizada deles que conteña o DNI/NIF do produtor e cantidades contratadas ou superficies de produción afectadas, así como unha fotocopia dos contratos. En sectores con contratos-tipo homologados deberá incluírse así mesmo e, de ser o caso, unha relación independente deles totalizada que conteña o DNI/NIF do produtor e cantidades contratadas ou superficies de produción afectadas, así como unha fotocopia dos contratos.

*No caso de serras de madeira que teñan certificación forestal (cadea de custodia) e compren madeira certificada, deberase incluír a acreditación da certificación forestal (cadea de custodia) e unha relación que conteña o número de certificado dos subministradores de madeira certificada e as cantidades adquiridas.

*Outros consumos do proceso produtivo, indicando os prezos de compra.

*Persoal: relación dos traballadores existentes por categorías laborais e o período de ocupación (días/ano). Custo total.

*Outros gastos de explotación: servizos, gastos financeiros, amortizacións, subministracións,...

Xuntar balance e contas de resultados dos tres últimos anos. No caso de persoas físicas declaración da renda dos últimos tres anos. Se a empresa ten ou forma parte dun grupo empresarial, debe presentarse tamén o balance e contas consolidadas do último ano do grupo.

2. Situación tras o investimento.

-Indicar en que medida o investimento afectará a capacidade de produción, tecnoloxía utilizada, producións, materias primas utilizadas, relación con produtores, comercialización, persoal contratado. Realizarase unha análise comparativa tendo en conta a situación inicial presentada no punto 1 e a incidencia do investimento sobre as materias primas utilizadas e os produtos transformados/comercializados.

-No caso de novas industrias indicar expresamente as previsións a curto prazo nas relacións cos produtores galegos (materias primas agrarias de procedencia galega, contratos escritos ou homologados previstos).

-No caso de novos produtos, xustificar ou explicar a súa viabilidade comercial derivada das demandas do mercado.

-Contas de explotación previsionais para os tres exercicios consecutivos desde o comezo dos investi-

mentos. Estimaranse as variacións previsibles como consecuencia dos investimentos e respecto da situación actual nos seguintes aspectos:

- Vendas: volume e estimación xustificada do prezo probable da venda.
- Custos: compras de materias primas.
- Gastos variables: persoal, subministracións e servizos, portes, etc.
- Previsión de balances (en sociedades) e contas de resultados para os vindeiros tres anos.

3. Financiamento dos investimentos.

Recursos propios. Subvencións. Créditos e préstamos, indicando a repartición dos distintos préstamos subscritos ou que se pretendan subscribir cos seus respectivos tipos de xuro e prazos en anos. Outras fontes de financiamento.

No caso de novas actividades, capital circulante necesario: existencias de insumos, produtos en curso e produtos finais. Caixas e bancos. Provedores e clientes. Fondo de manobra.

ANEXO A5

MODELO DE DECLARACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR

D/Dª con NIF
 en representación da empresa con CIF
 e, en relación coa solicitude de axuda presentada ao abeiro da Orde do , pola que se establecen as bases das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, e para realizar un proxecto de:

DECLARA

1.- A empresa, conforme os datos de facturación, balance e número de empregados, así como de relación participativa con outras empresas, é de tipo (escoller micro/pequena/mediana/intermedia/grande empresa).

2.- A empresa non se atopa en situación de crise conforme o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

3.- A empresa achegará para financiar o proxecto unha contribución financeira exenta de calquera apoio público de polo menos un 25 % dos custos subvencionables, mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

4.- A data prevista para a finalización dos investimentos e a presentación de toda a documentación requirida para o pagamento final da axuda será o

A previsión de execución (% do investimento total) por anualidades será, considerando como tal os investimentos pagados en 1 de novembro de cada ano, a seguinte:

	ANO <input type="text"/>	ANO <input type="text"/>	ANO <input type="text"/> **
PORCENTAXE	<input type="text"/> *	<input type="text"/>	<input type="text"/>

5.- As materias primas agrarias procedentes das explotacións agrarias de Galicia utilizadas pola empresa actualmente ou que ten previsto para utilizar a curto prazo (novas industrias), son o (%) das materias primas agrarias totais utilizadas.

6.- A empresa solicitou adicionalmente as seguintes axudas para o proxecto:

CONVOCATORIA	ORGANISMO	INVESTIMENTO (€)	SITUACIÓN (Solicitada/Concedida)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

7.- As axudas solicitadas ou concedidas indicadas no punto anterior (escoller: teñen/non teñen) financiamento de fondos da Unión Europea.

8.- Non estar condenado mediante sentenza firme, nin sancionado mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.

_____, de _____ de _____
 (Sinatura)

* Non debe ser inferior á porcentaxe mínima indicada na convocatoria.
 ** Só para proxectos con investimentos superiores a 2 millóns de euros.

ANEXO A6

RELACIÓN DE OFERTAS SOLICITADAS E ELIXIDAS

SOLICITANTE: _____

CONCEPTO DO INVESTIMENTO	OFERTAS SOLICITADAS			OFERTAS ELIXIDAS			
	PROVEADOR	IMPORTE (sen IVE)		PROVEADOR	IMPORTE (sen IVE)	CRITERIO DE ELECCIÓN ⁽¹⁾	XUSTIFICACIÓN DE NON INCLUIR TRES OFERTAS OU DE NON ESCOLLER A MÁIS ECONÓMICA ⁽²⁾
TOTAL							

(1) Debe indicarse se o criterio foi o de mellor oferta económica, ou por outras razóns xustificadas na columna seguinte.

(2) No caso de non incluír tres ofertas débese indicar se é debido a non existir outros subministradores.

No caso de non escoller a oferta máis vantaxosa economicamente, explicar as razóns.

O que abaixo asina declara que son certos os datos sinalados e comprométese a xuntar todos os xustificantes necesarios para a súa comprobación.

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO B2

FINANCIAMENTO DOS GASTOS EFECTUADOS

Proxecto Nº

1.- Participación financeira do beneficiario

1.1.- Capital social

1.2.- Fondos da actividade da empresa

1.3.- Préstamos sen subvención

1.4.- Préstamos con subvención

1.5.- Outros (especificar):

TOTAL 1.-

2.- Importe xa cobrado desta axuda:

TOTAL 2.-

3.- Outras subvencións de capital xa cobradas:

TOTAL 3.-

4.- Outras participacións (indicar):

TOTAL 4.-

5.- TOTAL XERAL (sen impostos, IVE incluído non recuperable):

TOTAL 5.-

6.- IVE recuperable:

TOTAL 6.-

7.- TOTAL XERAL (impostos incluídos):

TOTAL 7.-

, de de

Sinatura do beneficiario ou do seu representante legal

Asdo.:

Notas: debe cumprirse que a suma das epígrafes 1, 2, 3 e 4 debe ser igual á suma das epígrafes 5 e 6, coincidindo ademais esta última co TOTAL XERAL (epígrafe 7) e co total da columna "Importe (con IVE)" do anexo B1.

No caso de proxectos en que os produtos finais dos procesos de transformación e/ou comercialización non estean incluídos no anexo I do Tratado, de proxectos de grandes empresas, e de proxectos de serras de madeira, o beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera apoio público de como mínimo un 25% dos custos subvencionables, mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

ANEXO B3

EXPLICACIÓN DAS DIFERENZAS ENTRE OS CUSTOS PREVISTOS E OS REALIZADOS, E CONTROL *IN SITU*

Proxecto Nº

CONCEPTO/DESCRIPCIÓN	CUSTOS PREVISTOS		CUSTOS REALIZADOS	XUSTIFICACIÓN DAS VARIACIÓN	VERIFICACIÓN IN SITU **	
	SOLICITADO	APROBADO	EXECUTADO		CARACTERÍST.	CONFORME

_____, de _____ de _____

O que abaixo asina certifica que os datos reflectidos se corresponden cos do anexo B1, e que se realizou a verificación *in situ* indicada. _____, de _____ de _____

Pola autoridade competente: _____ Sinatura do beneficiario ou do seu representante legal
Asinado: _____

Asdo.: _____ Asdo.: _____

* Totalizar importes para cada capítulo (urbanización/construcción/instalación/mquinaria e equipamentos/otros gastos), e para a suma total destes. As sumas deben coincidir coas do B1.
** As columnas de "Verificación in situ" son para cubrir pola Administración.

ANEXO B4

COMPARACIÓN CUANTITATIVA ENTRE PREVISIONS E REALIZACIONES

Proxecto Nº

CAPÍTULO	SEGUNDO A PETICIÓN		REALIZACIÓN		XUSTIFICACIÓN DAS VARIACIONES
	VOLUME, CAPACIDADE, SUPERFICIE, ETC.	CUSTO UNITARIO	VOLUME, CAPACIDADE, SUPERFICIE, ETC.	CUSTO UNITARIO	

O que abaixo asina certifica que os datos reflectidos se corresponden cos do anexo B1 _____, de _____ de _____, de _____ de _____

Pola autoridade competente: _____ Sinatura do beneficiario (ou do seu representante legal)

Asdo.: _____ Asdo.: _____